

**MORAÑA****BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS
E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2013****1ª.—OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións en réxime de libre concorrència para fomentar as actividades que no eido da cultura, educación e o deporte promovan persoas xurídicas, asociacións e entidades sen ánimo de lucro, consideradas de interese social para o Concello de Moraña.

2ª.—BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as persoas xurídicas, asociacións ou entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio social no Concello de Moraña.
- Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal.
- Estar validamente constituída e rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Carecer de fins de lucro.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda económica co Concello de Moraña.

3ª.—PROGRAMAS SUBVENCIONABLES

Poderanse solicitar subvencións para as seguintes actividades:

- a) Actividades de promoción e cooperación cultural, formativas ou similares.
- b) Actividades de promoción do deporte ou realización de eventos deportivos.

4ª.—CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCÍONS

O conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100% do custo da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

Quedan excluídos como subvencionables os gastos en comidas, pinchos e invitacións a participantes así como as excursións lúdico-recreativas.

As subvencións, que serán financiadas con cargo á aplicación presupostaria 33.480, terán un límite máximo de 14.000,00 euros.

As subvencións son compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

5ª.—SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Para cada actividade presentárase a seguinte documentación:

- Instancia individualizada para cada actividade, asinada polo representante legal.
- Certificado da conta bancaria.
- Certificado da tesourería municipal conforme se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda do Concello de Moraña.
- Declaración do representante legal da entidade solicitante na que consten as subvencións e ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade.
- Memoria explicativa das accións que se pretenden realizar, con especificación da data, lugar de celebración, obxectivos perseguidos e estimación de beneficiarios.

